

## TAREFAS RECOMENDADAS PARA A SEMANA DO 8 Ó 12 DE XUÑO




OLA NENOS E NENAS DE RAXÓ!!  
SABEDS QUE ESTE LUNS SE CELEBRA  
**O DÍA MUNDIAL DOS OCÉANOS??**  
E COMO SEI QUE SODES UNS EXPERTOS  
NO COIDADADO DO MEDIO AMBIENTE...  
QUE VOS PARECE SE ESTA SEMANA  
TRABALLAMOS XUNTOS?

COMENZAREMOS POR ESCOITAR E VER UN CONTO MUSICADO!!

**LECTOESCRITURA:**

<https://youtu.be/ILMULs2fpO4>



QUE TAL O CONTO? GUSTOUVOS?

POIS AGORA ESTADE MOI ATENTOS E ATENTAS XA QUE VOU A PRECISAR DA  
VOSA AXUDA...

A MIN DIXÉRONME QUE OS NENOS E NENAS DE RAXÓ SABEN MOITAS COUSAS E UNHA DELAS É QUE SABEDES XOGAR MOI BEN COAS LETRAS DOS VOSOS NOMES E QUE FACEDES ACRÓSTICOS, QUE TAL SE INTENTADES FACERME UN?... SE NOS VOS LEMBRADES NON PASA NADA QUE A PROFE CRIS VOS DA UNHA PISTA:

**C**ONTO

**R**IR

**I**MAXINACIÓN

**S**AL



ANDA FACÉLLE UN ACRÓSTICO Á BALEA !!


**B**

**A**

**L**

**E**

**A**



EHHHH!! SON O MESTRE DE NEMO  
A BALEA ME DIXO QUE SODES MOI  
LISTOS E LISTAS...  
A VER SE É CERTO!!

IMOS POÑER A PROBA A VOSA AXILIDADE MENTAL E ATENCIÓN!!



### LÓXICO-MATEMÁTICA:




BOAS!! QUERES XOGAR CONMIGO A FACER SERIES??  
SEGURO QUE POLA CASA TES CUNCHAS  
OU PEDRAS COAS QUE PODER FACER SERIES  
ATENDENDO A FORMA OU AO TAMAÑO

AGORA A VER SE SODES CAPACES DE RESOLVER ESTAS **SERIES MARIÑAS**:  
COLOCA NO SEU SITIO O ANIMAL QUE FALTA NA SERIE , NON TES PORQUÉ  
IMPRIMIR A FOLLA PODES FACELO DE FORMA ORAL OU SE PREFIRES PODES  
RECORTAR E PEGAR OU DEBUXAR A QUE FALTA:


ATENCIÓN DEBES COMBINARLAS DE XEITO QUE NON REPITAN A POSICIÓN.





CON QUE FOI DOADA  
A TAREFA NON??  
PROBADE AGORA CON ISTO!!

## SODOKU MARIÑO





A QUEN LLE APETECE FACER  
UN EXPERIMENTO???

## CIENCIA: CONTAMINACIÓN NO MAR

### MATERIAIS:

- CUNCHA MARIÑA ( BERBERECHO, AMEIXA,...) OU O EXOESQUELETE DE ALGÚN CRUSTÁCEO ( GAMBA, NÉCORA,...)
- 1 VASO
- VINAGRE

### PROCEDIMENTO:

#### 1º OBSERVA

2º **FORMULA HIPÓTESES** (despois de observar os materiais, que cres vai pasar neste experimento?)

#### 3º LEVA A CABO O EXPERIMENTO :

-ENCHE O VASO CON VINAGRE. O VINAGRE É UN ÁCIDO, SERÁ O NOSO MODELO DE AUGA DE MAR ACIDIFICADA.

-PON A CUNCHA OU CAPARAZÓN DENTRO DO VINAGRE E DÉIXAO POLO MENOS 24 HORAS ( SE A CUNCHA É MOI GROSA TERÁS QUE DEIXALA VARIOS DÍAS NO VINAGRE E INCLUSO CAMBIAR O VINAGRE PARA AUMENTAR OS EFECTOS DO ÁCIDO.

- OBSERVA QUE VAI PASANDO



4º OBTÉN RESULTADOS.

5º CONTRASTA HIPÓTESES (compara o que pasou co que creías que ía suceder).

6º PENSA que sucedería si utilizas outro reactivo (auga,coca-cola, aceite,...), podes probar a ver que pasa...

### QUÉ PASOU?

AS CUNCHAS ESTÁN FORMADAS POR CARBONATO DE CALCIO QUE É TAMÉN UN DOS MATERIAIS DOS QUE SE COMPOÑEN OS NÓSOS OSOS E DENTES NADA MÁIS POÑER A CUNCHA NO VINAGRE SE PODE VER QUE SE FORMAN BURBULLAS DE  $\text{CO}_2$ .



PASADO UN RATO XA SE PODE OBSERVAR QUE O VINAGRE ESTÁ ARRANCANDO MATERIAL DA CUNCHA, A ESTÁ DISOLVENDO. PASADAS 24 HORAS A NOSA CUNCHA ESTÁ TAN DETERIORADA QUE O SACALA DO VINAGRE SE PARTE EN CACHOS.





BUENO, POIS XA TE PODES FACER UNHA IDEA DE COMO SE DEBILITARÍAN OU MORRERÍAN MILES DE ESPECIES MARIÑAS.

NO SEGUINTE ENLACE PODEDES VER UN VÍDEO INTERESANTE SOBRE COMO O CAMBIO CLIMÁTICO ESTÁ A AFECTAR Ó NOSO MAR

<https://youtu.be/HhGAH8XDeXg>



SE O NOSO MAR QUEREDES COIDAR XA SABEDES... A RECICLAR!!

**ARTE:**

PROPOÑÉMOSCHE AGORA CREAR UNHA BALEA CON MATERIAL DE REFUGALLO PODEDES EMPREGAR CARTÓNS DE OVOS OU ENVASES DE IOGUR, TÉMPERAS, PAPEIS DE PERIÓDICO,... OU OUTROS MATERIAIS QUE TEÑADES POLA CASA E A CREAR!!! ESTAS SON DÚAS IDEAS






## MOTRICIDADE:

XA SABEDES QUE AS BALEAS NON TEÑEN FAMA DE SER ANIMAIS MOI INQUEDOS COMO POR EXEMPLO OS GOLFIÑOS, SON TRANQUILAS E CREO QUE UN POUQUIÑO DE TRANQUILIDADE NON NOS VIRÍA NADA MAL. CLICADE NO ENLACE PARA FACER AS POSTURAS DE IOGA DOS ANIMAIS MARIÑOS

OMMMMMM!!!  
QUE RELAXANTE É  
O SON DO MAR



<https://youtu.be/LOYxOzMUGAY>